



Concello de Oza-Cesuras

ANEXO I

D./ D^a/ _____
con DNI _____ e enderezo en _____
_____, teléfono _____ email _____

EXPÓN:

Informado sobre o “Programa de Fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural- anualidade 2023), desexa participar no proceso selectivo para a contratación laboral das seguintes prazas durante 9 meses a xornada completa dentro do cadro de persoal que executarán o programa denominado “Traballos de silvicultura, limpeza, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2023” ao abeiro da subvención concedida pola Xunta de Galicia – **marcar a opción que proceda - :**

Unha praza de oficial forestais.

Tres prazas de peóns forestais.

Un tratorista

*(De conformidade co establecido na base 2.3 das reguladoras do proceso selectivo: cada un dos aspirantes so poderá presentar solicitude de participación para un único posto de traballos (tratorista, oficial forestal **ou** peón forestal)*

Que reúne os requisitos esixidos na base 2.1 a), b), c), d), e) e f) das que rexen o proceso selectivo.

Que aos efectos previstos no artigo 14.5 da *ORDE do 9 de xaneiro de 2023* (DOG Núm. 22, do 1 de febreiro de 2023) está incluído no seguinte **colectivo con especiais dificultades de inserción laboral** (Sinalar o colectivo que corresponda):

Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Acreditarase mediante copia cotexada da orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial.



Concello de Oza-Cesuras

Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase con fotocopia do DNI e certificado de vida laboral.

Persoas paradas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarase mediante copia cotexada da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva anotado no paro expedido polo organismo competente.

Persoas con discapacidade: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade acreditaranse con copia cotexada da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditarase mediante certificado emitido polo SEPE.

Persoas desempregadas maiores de 45 anos. Acreditarase con fotocopia do DNI.

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da **Renda de Integración Social de Galicia**. Acreditarase mediante informe expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual ou no caso da RISGA mediante **Resolución de concesión e/ou renovación da Consellería de Política Social**. No caso de persoas trans acreditarase mediante solicitude rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas e adecuación documental.

As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. Acreditarase co Certificado de Emigrante Retornado (CER), e que dito certificado non sexa anterior ao 3 maio do 2021, no caso das persoas estranxeiras acreditarase ca tarxeta da autorización de permiso de residencia e traballo.

Que non foi contratado por un período igual ou inferior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Economía e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.



Concello de Oza-Cesuras

Que acepta expresamente o contido das bases para a contratación das persoas que cubrirán o cadro de persoal para o “Programa de Fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural-anualidade 2023),” e en concreto, que coñece que non serán valorados os méritos que non se acrediten do xeito indicado nas mesma.

SOLICITA:

Ser admitido no procedemento da citada contratación laboral para o que en cumprimento do establecido na bases 4ª das reguladoras da contratación.

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que reúne os requisitos esixidos para poder optar á/s praza/s anteriormente sinalada/s. En concreto:

- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que opta.
- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se encontra en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

E achega a seguinte **DOCUMENTACIÓN:**

- Orixinal ou copia do DNI ou documento equivalente ao país da UE.
- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza. (no presente impreso).
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (no presente impreso).
- Orixinal ou copia da tarxeta de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Galicia.
- Documentación acreditativa, no seu caso, de pertencer a algún dos colectivos con



Concello de Oza-Cesuras

especiais dificultades de inserción laboral, indicados na base 2.1 f) das presentes.

Acreditación dos méritos indicados na base 7^a ao obxecto da súa valoración na fase de concurso:

- Orixinais ou copias dos xustificantes da experiencia laboral (contratos de traballo ou a correspondente certificación expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto co informe de vida laboral).
- Carné de conducir
- Certificados dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas



Concello de Oza-Cesuras

ANEXO II

No tocante á documentación que se achega, o abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) **DECLARO** que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello nas seguintes datas:

NON AUTORIZO: Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras nin aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello.

En Oza- Cesuras, a ____ de _____ de 2023

Asdo.:



Concello de Oza-Cesuras

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

Don/Dona	
NIF	

Como traballador/a do concello:

CONCELLO	
NIF/CIF	

AUTORIZO á entidade sinalada para a cesión á Xunta de Galicia dos datos persoais relacionados co meu contrato de traballo, para os efectos de presentalos como xustificantes de gasto das axudas PROGRAMA APROL 2023.

DATA	
-------------	--

(Sinatura do/a traballador/a)